

QUEN AVISA NON É TRAIADOR:

Coral

Para escorrentar a auga
e evitar inundaciónhes
queren facer do río Mero
unha canalizaciónhe.

Pra que quede máis bonito
talarán todo o arborado
e entre muros de cemento
deixarán o río enterrado.

Quitarán as liñas curvas
que trazou a natureza.
(Qué ben debe de empregare
esta xente a súa cabeza!

A eles nada lles importa
toda esa destrucción
pois o seu é procurar
que medre a especulación.

Máis que nos escoiten ben
os raposos chupasangues
que para salvar o Mero
aquí estamos os de Cambre.

CANTIGA DO RÍO MERO

Solo Rafa

Río Mero, río Mero
en vez de lavarche a cara
quérente canalizar
entre cemento e murallas.

Coral

¿Qué culpa ten a túa auga
río Mero, río Mero,
de asulagar as túas beiras
coas chuveiras dos invernos?

Solo Daniel

Pechándote con un muro
Te convertiron en presa
E cando abren as comportas

Cúlpanche a ti das desfeitas.

Coral:

Xa matinan en facere
Coas arbres das túas ribeiras
Para enterrarte, río Mero
A mortalla de madeira.

Solo Ana

Que deixes de ser un río
Para chamarte canal
E que perdas para sempre
A túa vida natural.

Coral

Mais compre que a todos saiban
A verdadeira razónhe:
Que un espacio natural
Sirva prá especulación

Solo

Máis as xentes de conciencia
Non deixaremos río Mero,
Que este fato de raposos
Celebren o teu enterro.

Coral

Non deixaremos que cumplan
Os seus bárbaros proxectos
Pra que ti sigas vivindo
Nosos río, río Mero.

MINISTRO MENGUANTE

Coral

Era unha terra fermosa
Chea de encanto naturale.
Ríos limpos, fragas e praias,
Un paraíso terrenale.

Pra explotar este tesouro
Decidiu un presidente
Que era preciso nomeare
Un ministro para o AMBIENTE

Non importa, lle mandou
Que coides a natureza
Pero procura que os nosos
Aumenten a súa riqueza.

E cumprindo as instrucións
Mostrouse tan dilixente
Que en pouco tempo o fixeron
Ministro de MEDIO AMBIENTE

Non parou aquí este home
A súa probada eficiencia
Ministro de CUARTO AMBIENTE
Nomeouno a súa excelencia.

E seguindo sen desmaio
Esta labor tan señeira
Ascendeu pronto á súa meta
Ser ministro SEN CARTEIRA

E contemplou fachendoso
Como fixera trocar
Ríos e praias en cemento,
Fragas en eucaliptais.

Sacai proveito da historia
Os veciños e as veciñas
¡Nunca poñades raposos
para coidar ás galiñas!

¡Que non nos tomen por parvos!
¡Que non nos crean ignorantes!
Que en Galicia non queremos
Ningún ministro menguante.

O TIMO DO RIO

Coral

Desde Madrid hacia Cambre
Mandaron un enviado
Para explicar as vantaxes
Dun río canalizado.

Recitado

¡Háganme caso señores
verán que bien quedará

esa mierda del río Mero
metidito en un canal!

Entre muros de cemento
Quedará bien encajado.
Aunque llegase un diluvio
Allí seguiría encerrado.

Sólo Ana

Respetando a súa opinión

Coral

-dixo unha moza de Cela-

Solo Ana

todos sabemos que a auga
recupera o que foi dela.

Que os canales non abundan
Para evitar as enchentes
E tornan moito máis graves
Os efectos das correntes.

Recitado

Cuando terminen las obras,
Para que esté natural
Plantaremos arbolitos
A lo largo del canal.

Coral

Dixo un vello de Cecebre:

Sólo Daniel

Perdoen, mais non adiviño
Porque destruen unha fraga
Para prantar arboriños.

Recitado

Ustedes no saben bien
Cuanto favor les hacemos.
Ustedes son ignorantes,
Nosotros los que sabemos.

Coral

Un cativiño de Cambre
Xa non se poido aguantar:

Solo Dani

¡Vostedes si, saben moito,
pero de facer o mal!

Coral

E hasta o cura da Barcala
Dixo que estaba espantado
E que o inferno sería pouco
Para tamaño atentado.

Recitado

Esto dispuso el Ministro
Por orden del Presidente
Y por ser autoridades
Les deben ser obedientes.

Coral

Que sexan autoridades
Esa non é a cuestión
Que pra ter autoridade
Fai falta ter a razón

Cando tornou a Madrid
Do en mala hora saira
Decatouse que Galicia
O timo xa descubrira.

E a todo o que lle escoitaba
Esta historia tan enxebre
Contou que en Cambre non danhe
Nin toman gato por lebre.

O NAUFRAXIO

Coral

Pola ría do Burgo
Viron subir un iate
RUMBALARUMBALARUN
Cheiño de engominados
Con garabata e traxe
RUMBA LA RUMBALARUMBA
VEREDES QUE FOLLON

Segundo dixo o Alcalde,
De medio ambiente sonhe,
RUMBA...
Que veñen pra facere
A canalizaciónhe
RUMBA...

Subindo polo río
Chegaron á Barcala
RUMBA...
E sen máis decidiron:
¡Hai que canalizala!
RUMBA...

Seguindo río arriba
Chegaron ata Cambre.
RUMBA...
E todos coincidiron:
¡Mirade que solares!
RUMBA...
Seguindo máis arriba
Chegaron a Cecebre
RUMBA...
¡Aquí unha boa escolleira
e os arbres ó garetel!
RUMBA...

O río que os escoitou
Formou un remuíño
RUMBA...
O iate foi ó fondo
E os litos de fuciños
RUMBALARUMBALARUMBA
MIRADE QUE FOLLÓN

Baixaba polo río
A contaminación:
RUMBA..
Camisas, garabatas
E algún que outro condon.
RUMBA...
MIRADE QUE FOLLÓN

Mais o peor sucedeu
Aló en Santa Cristina
RUMBALARUMBALARUN
¡Mil bañistas pegados
por culpa da gomina!
RUMBALARUMBALARUMBA
XA VEDES QUE FOLLÓN.